

estratexias de animación á lectura Estratexias de animación

á lectura estratexias de animación á lectura estratexias

de animación á lectura **estratexias de animación**

á lectura estratexias de animación á lectura

Estratexias de animación á lectura estratexias de animación



ESTRATEGIAS DE ANIMACIÓN Á LECTURA



PALABRAS ENVELENADAS

Obxectivos

- Espertar o interese pola lectura como fonte de información e pracer; e conseguir o hábito de lector desde o goce da lectura e a escritura.
- Aumentar a súa capacidade para a toma de conciencia e a reflexión sobre o abuso sexual infantil.
- Comprender discursos escritos e interpretalos cunha actitude crítica.
- Fomentar o traballo de investigación como medio de estudo e formación.
- Promover o traballo en equipo.

2

Orientacións

Esta novela de Maite Carranza é unha boa ferramenta para traballar cos alumnos a sensibilización e a concienciación respecto do abuso sexual infantil.

Está recomendada para maiores de 16 anos.

“Como mínimo un 20% da poboación en España sufriu abusos sexuais infantís, malia que en moitos casos non se coñecesen. A sensibilización e a prevención son as únicas ferramentas que temos para combater a ignorancia e o medo e para axudarlles a recuperar a memoria a aqueles que a perderon.”

Vicki Bernadet

Presidenta da Fundación Vicki Bernadet

ACTIVIDADE 1

(Antes da lectura): **EXPOSICIÓN “ROMPENDO SILENCIOS”**

Obxectivos

- Motivar os alumnos para a lectura do libro.
- Sensibilizar e concienciar os alumnos sobre o abuso sexual infantil.
- Potenciar, a través da aproximación ao tema, unha lectura diferente da novela.

Descrición

Nesta actividade previa á lectura do libro, preténdese aproximar os alumnos ao tema central desta novela: o abuso sexual infantil. É por iso que se propón a visualización da exposición “Rompendo Silencios”.

A fundación Vicki Bernadet, ofrece, dentro dos seus proxectos de difusión, a posibilidade de ver a exposición fotográfica “Rompendo Silencios”. Esta é unha exposición realizada pola fotoxornalista Anna Jiménez. Entre outros obxectivos, pretende:

- Facer unha denuncia social da existencia dos abusos sexuais a menores.
- Sensibilizar co obxectivo de informar, orientar e previr posibles situacións de abuso.

Como complemento a esta exposición ofrécese outro tipo de actividades como conferencias, talleres, debates.... para promover a participación, xa que todos podemos axudar a previr os abusos sexuais a menores.

Orientacións

Cada profesor, en función do grupo ao que vaia destinada esta actividade e co asesoramento da fundación Vicki Bernadet, pode adaptar esta actividade ás súas necesidades e ao nivel do seu alumnado.

Toda a información necesaria para poder levar a cabo esta actividade, así como o xeito de contactar coa fundación, está recollida na web:

http://www.fbernadet.org/cast/ambitos_sensibilizacion.php?idproy=35

ACTIVIDADE 2

(Antes da lectura): **ANALIZANDO A NOSA REALIDADE**

Obxectivos

- Motivar os alumnos á lectura do libro.
- Sensibilizar e concienciar os alumnos sobre o abuso sexual infantil.
- Potenciar, mediante a aproximación ao tema, unha lectura diferente da novela.
- Analizar a importancia social deste problema.
- Desenvolver a capacidade de busca de información.
- Fomentar o traballo en equipo.

Descrición

Esta actividade comeza coa presentación, por parte do profesor, dun libro en branco cun título que os poida motivar para iniciar a procura de información; por exemplo “A nós tamén nos pode pasar...” ou “É que non pasa nada?”...

Nesta actividade os alumnos, en grupos de traballo dunhas 3 ou 4 persoas, deberán buscar noticias nos medios de comunicación (Internet, xornais...) que teñan relación co abuso sexual infantil. Deberán realizar un comentario sobre cada noticia que atopen.

E así iremos creando o noso propio libro.

Convén que busquen un tempo pola semana para que cada grupo poida ler as novas noticias e os comentarios que se van incorporando ao libro.

Orientacións

Esta actividade pódese prolongar no tempo tanto como os alumnos o queiran.

Como complemento a esta actividade, e cando o profesor o crea axeitado, pódese proceder á lectura e ao comentario conxunto do manifesto “ABUSO SEXUAL INFANTIL: UN PROBLEMA SOCIAL” da fundación Vicki Bernadet.

http://www.fbernadet.org/cast/pdfs/MANIFEST_castellano.pdf

ACTIVIDADE 3

(Durante a lectura):

BÁRBARA MOLINA E NURIA SOLÍS, UNHA LECTURA TRANSVERSAL

Obxectivos

- Empatizar con dúas das protagonistas da novela.
- Afondar nos sentimentos das vítimas dos abusos sexuais infantís.
- Analizar a repercusión que pode ter no contorno máis próximo da vítima unha experiencia deste tipo.
- Promover unha lectura consciente e crítica.
- Promover o traballo en equipo.

Descrición

Tal e como Maite Carranza estruturou o libro, é posible facer unha lectura transversal para se centrar nos sentimentos e nas emocións de dúas das principais protagonistas desta historia.

Esta actividade realizarase en parellas. A metade das parellas do grupo analizará a Bárbara Molina e a outra metade, a Nuria Solís.

As parellas que deban realizar esta actividade sobre Bárbara Molina centraranse nos capítulos: 3, 5, 8, 12, 15, 18, 21, 23 e 27.

As parellas que deban realizar esta actividade sobre Nuria Solís centraranse nos capítulos: 2, 11, 17, 20 e 26.

Cada grupo deberá centrarse non nos feitos que ocorren na novela, senón nos sentimentos e nas emocións do seu personaxe (por exemplo: medo, rabia, culpabilidade, debilidade, decepción, anoxo...) e buscar frases ou parágrafos para demostrar ese sentimento que identificaron.

Posteriormente deberán intentar entender e buscar unha razón pola cal crean que o seu personaxe poida sentir esa sensación.

A presentación desta actividade farase mediante un cadro deste tipo:

OS SENTIMENTOS DE...

Adxectivo	Frases do libro	Razóns dese sentimento

Orientacións

6

Pode ser adecuado partir a análise en función das tres partes do libro, xa que as parellas que deban analizar a Bárbara Solís teñen que “baleirar” moitos capítulos. No caso de Nuria Solís non se propón esta partición da análise.

Así pois, a proposta é que unhas parellas analicen a Bárbara na primeira parte do libro, outras na segunda e outras, na terceira.

Primeira parte: capítulos 3, 5, 8.

Segunda parte: capítulos 12, 15, 18.

Terceira parte: capítulos 21, 23, 27.

ACTIVIDADE 4

(Durante a lectura): **CAMPAÑA PUBLICITARIA**

Obxectivos

- Potenciar a expresividade dos alumnos así como o respecto cara ao traballo dos demais mediante unha actividade artística.
- Traballar a creatividade.
- Traballar a linguaxe publicitaria.
- Promover o traballo en equipo.

Descrición

Esta actividade realizarase en grupos de 3 ou 4 alumnos.

Nesta actividade, os alumnos deberán imaxinar que teñen unha axencia de publicidade e que lles encargan unha campaña publicitaria para concienciar a poboación do problema do abuso sexual infantil.

Poden usar a fotografía, o vídeo e a palabra para realizalo.

Hai que lles explicitar aos alumnos que non poden esquecer a mensaxe que se quere transmitir: stop ao abuso sexual infantil.

Cando todos os grupos rematen o seu traballo pasarase á presentación, por parte de cada grupo, da súa proposta. Realizarase unha votación para escoller a campaña que mellor transmite a mensaxe desexada.

Orientacións

Pode ser interesante, antes da realización desta actividade, revisar algunhas campañas publicitarias e tamén contar coa colaboración dalgún especialista neste tipo de linguaxe.

ACTIVIDADE 5

(Despois da lectura): **CONVERSANDO CON MAITE CARRANZA**

Obxectivos

- Facilitar un achegamento á autora e mais ás súas inquietudes.
- Potenciar o espírito crítico dos alumnos.
- Facilitar o traballo en grupo.

Descrición

En grupos de 3 ou 4 alumnos prepararán 5 preguntas que lles gustaría facerlle a Maite Carranza sobre o libro: como decidiu o tema, como o afrontou, como definiu os personaxes, que lle supuxo persoalmente escribir este libro... ou sobre o seu traballo de escritora.

Posteriormente realizarase unha posta en común das preguntas de todos os grupos de traballo, e elixirase unha das preguntas de cada grupo para a enviar ao foro que Maite Carranza ten na súa páxina web www.maitecarranza.com.

Cada grupo encargarse de colgar a súa pregunta no foro e de informar o resto do grupo clase sobre a posible resposta da autora e, tamén, sobre o posible diálogo que se estableza con outros participantes do foro.

Orientacións

Para preparar esta actividade poden ler a entrevista que Maite Carranza lle concedeu a El Periódico o día 3 de abril do 2010.

http://www.elperiodico.com/default.asp?idpublicacio_PK=46&idioma=CAS&idnoticia_PK=701211&idseccio_PK=1013

ACTIVIDADE 6

(Despois da lectura): **RECAPITULANDO...**

Obxectivos

- Aumentar a súa capacidade para a toma de conciencia e a reflexión sobre o abuso sexual infantil.
- Fomentar o traballo de investigación como medio de estudo e formación.
- Espertar a súa capacidade crítica.
- Aumentar as habilidades para a expresión escrita.
- Implicar os alumnos na participación cidadá para a prevención de conflitos.
- Promover o traballo en equipo.

Descrición

Nesta actividade, e en grupos de 3 ou 4 alumnos, deberán realizar un traballo, que eles mesmos estruturarán en función da información que queiran incluír, no cal terán que recoller todo o que aprenderon e todas aquelas cuestións que os desacouguen sobre o abuso sexual infantil e sobre as súas consecuencias.

Este traballo basearase no que aprendesen coa lectura de *Palabras envenenadas* e coas outras actividades realizadas, pero tamén na súa propia busca de información en diferentes medios: libros, Internet, fundacións que traballan neste tema...

Hai un apartado final obrigatorio para todos os grupos: Que podemos facer nós, na nosa vida cotiá, para axudar á sensibilización e á prevención deste problema?

Orientacións

Ao corrixir os traballos e en función dos resultados obtidos, pode ser interesante que cada grupo expoña a parte máis interesante ou máis orixinal do seu traballo.